Crunia é a ferramenta de descubrimento que permite buscar en múltiples recursos á vez: no catálogo da biblioteca, no Repositorio da UDC (RUC), nos recursos electrónicos da BUDC, nas bibliografías recomendadas e máis no índice Central de Descubrimento.

## ACCESO e IDENTIFICACIÓN

**https://crunia.udc.gal/**

Para acceder a parte do contido (reservas, renovación, acceso a documentos de subscrición, ver se os libros están prestados…) é necesario identificarse. Os membros da UDC escollerán *Usuario/a UDC* e utilizarán as súas credenciais da UDC.




## BUSCAR

**Busca básica:**
Por defecto, a caixa da ventana de inicio.
Busca os términos da caixa de busca en todos os recursos da biblioteca da UDC, independentemente do seu soporte, tipoloxía ou localización.




No despregable podemos elixir:
-Buscar en todo
-Materiais impresos e audiovisuais
-Recursos electrónicos da UDC
-Bibliografía recomendada

**Busca avanzada:**
Hai que premer o botón *Busca Avanzada* á dereita da caixa de busca básica.
Ademáis de definir o alcance da busca, podemos aplicar diferentes criterios nos despregables e ir engadindo tantas liñas como sexan necesarias e combinalas con operadores booleanos (E, OU, NON).




## ESTRATEXIAS DE BUSCA

-**""** Coas comiñas busca términos que están xuntos.
-***** palabras coa mesma raiz.

## RESULTADOS




Crunia ofrece unha listaxe con información breve dos documentos.
Na columna da esquerda temos **filtros** para afinar máis a busca. Por exemplo, escollendo a biblioteca, tipo de material, que a orde da listaxe sexa de máis recente a máis antigo...
Premendo no título do rexistro ábrese o rexistro completo con toda a información do documento e o seu acceso.




Nos tres puntiños da dereita da referencia podemos enviar a información a un xestor de referencias, por correo electrónico, imprimilo, obter o enlace permanente ou engadir a *Favoritos* .
Tamén podemos facelo desde o rexistro completo en *Enviar a*. Onde temos a posibilidade de obter a referencia bibliográfica en **"**

Na sección de ***Obtelo*** do rexistro bibliográfico completo de documentos físicos, vemos os exemplares que se atopan nas bibliotecas da UDC e a súa **signatura para atopalos** no andel. Desprega os apartados. Podes Solicitar/**Reservar**.



O estudantado de graos da UDC podedes levar **10 documentos durante 10 días,** de calquera biblioteca da UDC.
Se estás co Fin de Grao ou Mestrado 15 documentos durante 21 días.
Hai algúns fondos con préstamo diferente.

Tes que presentar a tarxeta universitaria ou o DNI.

No caso do material en liña prememos en ***Disponible en liña*** → *Ver en liña*.




## NAVEGACIÓN E OUTRAS BUSCAS

No menú superior: Bibliografía recomendada, novidades, préstamo interbibliotecario. Nos **...** do menú superior: accedemos a máis recursos: revistas, bases de datos, coleccións, busca por índices, RUC... e servizos como o préstamo interbibliotecario (con bibliotecas que no son da UDC), solicitar compras, axuda, normativas, horarios...

## BIBLIOGRAFÍA RECOMENDADA

Ao premer no menú superior en Bibliografía Recomendada escollemos a titulación no despregable, e despois a materia do curso.




## A MIÑA CONTA

Terás que Identificarte en Crunia coas túas credenciais da UDC, arriba á dereita. No teu espazo persoal podes renovar préstamos, xestionar reservas, consultar o historial de lectura, os favoritos, as buscas gardadas, o historial de busca e xerar alertas.




**Renovacións:**
Poden renovarse se non teñen unha reserva (os préstamos de fin de semana non se renovan e os de préstamo curto soamente dúas veces).

**Reservas:**
A través do Catálogo podes reservar exemplares, tamén podes facelo no mostrador da biblioteca.

**Avisos:**
Consulta o teu correo UDC para ver os teus avisos sobre préstamos e reservas.

Lembra que podes devolver os teus libros en calquera biblioteca da UDC.

*Para saber mais:*
*https://infoguias.biblioteca.udc.es/CRUNIA_gl*

# GUÍA DE CRUNIA, o catálogo da UDC

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Biblioteca da Escola Técnica Superior de Náutica e Máquinas

Setembro 2025




Teléfono: 881014279
Correo electrónico:
biblioteca.nauticaemaquinas@udc.gal